



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 1/2019 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 31 DE XANEIRO DE 2019

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTAS ANTERIORES
- I.2.- PROPOSTA DE MELLORAS NA PO-325
- I.3.- PROPOSTA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DO VAL MIÑOR
- I.4.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA TRAMITACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO
- I.5.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA POSIBLE SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN BAI SEN PULGAS
- I.6.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO DE 2017

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA (especial referencia ás resolucións n.º 2019000046: delegación de competencia)
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

- PSOE:

Alcalde-Presidente:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 31 de xaneiro de 2018
 - *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
 - *Carácter da sesión:* ordinario
 - *Convocatoria:* primeira
 - *Hora de comezo:* 20:01
 - *Hora de remate:* 22:50
 - *Número legal de membros da Corporación:* 17
 - *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
 - *Alteracións no quórum de asistencia durante a sesión:* Non se producen.
- Minuto de silencio. Antes de comezar a sesión gardouse un minuto de silencio en memoria de D. Modesto Valverde Soto, recentemente falecido e que fora o primeiro Alcalde de Nigrán na actual etapa democrática.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTAS ANTERIORES

As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de datas: 29 de novembro de 2018 e 20 de decembro de 2018.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, distribuídas coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometidas á votación as actas das sesións do 29 de novembro de 2018 e 20 de decembro de 2018 quedan aprobadas cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- PROPOSTA DE MELLORAS NA PO-325

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo municipal UCN:

Exposición de Motivos:

- 1.- El vial autonómico PO-325 de Vigo a Baiona a su paso por el municipio de Nigrán y que en su mayor parte se convierte en una via urbana con mucha intensidad de edificaciones, pero sin embargo presenta serias deficiencias entre otras: escasez de pintado de pasos de peatones; dificultades de acceso a las urbanizaciones en SAUS 3 y 6; aceras en tramos del





bulevar de Playa América que presentan hundimiento etc., lo que está generando situaciones de peligro para los ciudadanos.

2.- Precisamente el 20/01/19, se recoge en el diario Faro de Vigo, la denuncia pública de una ciudadana invidente que no puede desplazarse en transporte público por la falta del pintado de un paso de peatones para cruzar la calle a la altura de la urbanización del SAU-6 (Playa América), cuando se trata de un tramo recto con total visibilidad y que no puede cruzar la calzada para alcanzar la parada del transporte público, sin poner en riesgo su integridad física, además, teniendo en cuenta que en la mayor parte de su recorrido carece de aceras, agravando todavía más la seguridad de los peatones.

3.- Asimismo, tanto en los accesos a las urbanizaciones del SAU-3 como también del citado SAU-6 tienen problemas para el acceso rodado, especialmente en éste último, al no contar con carril de detención de giro a la izquierda en dirección Vigo, lo que no solo dificulta su acceso a la urbanización sino que también supone retenciones de tráfico con peligro para la circulación. Aunque en menor medida, también sucede en el acceso a la urbanización del SAU-3, ya que son las principales vías de acceso desde la carretera autonómica.

4.- Por tal motivo consideramos necesario que por parte de la Conselleria de Obras Públicas-Infraestructuras de la Xunta, se mejore de forma urgente la seguridad vial en el tramo urbano que discurre por el municipio de Nigrán de la vía autonómica PO-325 de Vigo-Baiona (carretera por la vía), incluyendo la posible construcción de rotondas que faciliten el acceso a las urbanizaciones, así como el pintado de pasos de peatones, por el potencial peligro existente.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, ACUERDO:

ÚNICO.- Instar a la Conselleria de Infraestructuras e Mobilidade, para que mejore de forma urgente la seguridad vial en el tramo urbano que discurre por el municipio de Nigrán de la vía autonómica PO-325 de Vigo-Baiona (carretera por la vía), incluyendo la posible construcción de rotondas que faciliten el acceso a las urbanizaciones, así como el pintado de pasos de peatones y la reparación de las aceras en el bulevar de Playa América, que presentan tramos con zonas de hundimiento, provocando dificultades de accesibilidad y riesgo para los peatones.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: É unha moción do seu grupo ditaminada favorablemente pola Comisión. Búscase favorecer a conexión cos SAUs 3 e 6 e mellorar a vía na zona de Praia América, tendo en conta que se trata dunha estrada con características urbanas. Unha das carencias é a falla de pasos peonís, claramente insuficientes. Tamén hai deficiencias nas beirarrúas do Bulevar de Praia América. Con isto preténdese reforzar a petición á Xunta de Galicia.

Sr. Alcalde-Presidente: Apoiarán a moción.

D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Votarán a favor.





D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Tamén están a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Coincide na postura favorable.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- PROPOSTA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DO VAL MIÑOR

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2019, acordou ditaminar unha moción do grupo municipal BNG sobre este asunto.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A moción ten un antecedente noutra anterior formulada, a raíz da eliminación en 2011 dunha ambulancia en Baiona. Na actualidade enfrontámonos a novas carencias. Agora, nos fins de semana, hai unha soa ambulancia na Xunqueira, e isto pode ter consecuencias fatais se a que hai queda ocupada. O que se pide é unha segunda ambulancia nos fins de semana e outras melloras para solucionar as carencias que relaciona na moción.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular. Votarán a favor. Trátase dun tema de transcendencia que debería merecer o consenso de todos. Pide que figure como unha proposta dos grupos.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: De acordo coa moción e coa proposta do Partido Popular.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Tamén coincide na mesma apreciación favorable. Volve a suxerir que se pida o apoio da Mancomunidade do Val Miñor, como xa o fixera, sen éxito, con ocasión daquela Moción do BNG. Solicita que se lle informe se naquel momento a moción se mandou á Consellería.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Admite que se retire a mención ao BNG, basicamente ao final da exposición de motivos onde se pasará a dicir que o Pleno do Concello adopta o acordo. Tamén acepta que se presente na Mancomunidade, e comprométese a facelo. Pide, finalmente, que se lle faciliten os xustificantes da remisión á Consellería da súa anterior Moción.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Pódese incorporar un apartado 5 no acordo, no sentido de dar conta á Mancomunidade para o seu apoio.

Sr. Rodríguez Fernandez: Propón que figure ao final do punto punto 4.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, acollendo como propia a iniciativa, adopta o seguinte **ACORDO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Esta situación explotou coa dimisión dos xefes de servizo da práctica totalidade dos centros de saúde da área de Vigo, incluídos os de Gondomar, Baiona e Nigrán. Pero o progresivo deterioro da atención sanitaria na nosa comarca ven de lonxe e así, ademais de sufrir a carencia de persoal que limita enormemente o horario das especialidades, algo compartido con outras comarcas, fai anos que tamén sufrimos a eliminación dunha ambulancia durante a fin de semana, o que deixou unha soa dispoñible para atender unha poboación de 44.000 persoas, que se ven multiplicadas en época estival.

Isto ten provocado esperas de mais de media hora en urxencias graves por estar ocupada a única ambulancia dispoñible e ter que desprazarse outra dende Vigo.

Ante esta carencia irresponsable, o BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para dotar a recuperación do segundo vehículo de emerxencias na fin de semana, ao igual que a ampliación de horario das especialidades no centro de saúde do Val Miñor, emendas que, como era previsible, foron rexeitadas.





PARTE DISPOSITIVA

Por iso, o Pleno do Concello adopta o acordo de instar á Xunta de Galiza a:

1. - Dotar ao PAC do Val Miñor cunha segunda ambulancia durante a fin de semana, para rematar coa temeraria situación actual.
- 2.- Ampliación do horario de especialidades (radioloxía, fisioterapia, saúde mental) do centro de saúde do Val Miñor.
- 3.- Tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas:
 - a) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/contratos estábeis e dignos/substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia/aumento das prazas de formación de especialistas, MIR
 - b) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados.
- 4.- Remitir copia deste acordo á Consellería de Sanidade, á Xerencia de Xestión Integrada da Área de Vigo do SERGAS e á Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.

I.4.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA TRAMITACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2019 propón ó Pleno do Concello que tome en consideración a iniciativa referida a aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Nigrán co fin de que no seu momento se someta ó Pleno á adopción do acordo que corresponda.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Diego García Moreira, Concelleiro Delegado: Pídese ao Pleno que se pronuncie sobre a tramitación. É un documento traballado, que resulta necesario para resolver problemas. Houbo un acordo cos representantes sindicais. Tratouse de organizar a estrutura do Concello do mellor xeito. Os grupos xa teñen o documento. Foi referendado por parte do persoal.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: A falta da RPT é unha carencia importante. Para o seu grupo o camiño empeza agora, a pesar de que desde moito antes pediron o documento. Chega tarde, porque leva catro anos de atraso. Na consulta aos traballadores non se acadou un apoio unánime. Votarán a favor da toma en consideración. Espera que se





traia antes do final do mandato. Vai ser difícil tramitalo en prazo tendo en conta que faltan informes. Lamenta que os mantivesen á marxe ata agora.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: O goberno actuou ás costas da Corporación, sen contar coas directrices dos grupos municipais, por exemplo no modelo de organización. Pregunta se os grupos van participar antes ou despois dos informes. El en 2017 pediu as alegacións e non llas facilitaron. Hai unha acta da negociación e logo houbo un referendo 6 meses máis tarde. Pregunta que pasou no medio. E agora traen o asunto despois de outros 6 meses sen dar ningún paso. Ao mellor estase creando unha mera aparencia. Votarán a favor do inicio.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Hai moitas lagoas e demoras na tramitación. O expediente iniciouse coa adjudicación do contrato. A clave está nos informes técnicos e na vontade política de traelo aquí para a súa aprobación. O asunto nin sequera tiña que vir agora ao Pleno. O goberno debía haber impulsado a tramitación.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A necesidade da RPT, para o seu grupo, é unha evidencia. Está a favor de que o Concello se dote dela. No seu día xa solicitara que con motivo da entrega se fixese unha reunión dos grupos co redactor da mesma. Coincide en que aínda que esta Corporación non teña tempo para aprobala, polo menos que se avance nela.

Sr. García Moreira: O documento presentouse hai 6 meses e remitiuse aos grupos naquela data. De aquí a maio aínda hai tempo. Aínda non houbo alegacións porque non chegou o momento. Despois da negociación remitiuse a todos os traballadores. A votación que se fixo foi informal e do que se trataba era de pulsar a opinión do persoal. Tampouco os grupos dixeron nada ata agora. A vontade de consensuala é clara, sen romper o respaldo dos sindicatos. Faltan dous informes, Secretaría e Intervención, antes da aprobación inicial.

Sr. Valverde Pérez: Parece que o Concelleiro pretende introducir unha certa presión. As formas utilizadas non parecen as idóneas para acadar a pretendida unanimidade. O trámite da toma en consideración non é necesario. Non todos os grupos reciben o mesmo trato, uns dispuxeron dela e outros non. O compromiso do seu grupo é o de aprobar a RPT se se dan as condicións para isto, pero non para dar un cheque en branco. Pregunta se vai vir sen reparos, porque a súa postura dependerá do alcance dos mesmos. Parécelle que hai aspectos raros nesta formulación. Se traen unha proposta seria apoiarana.

Sr. Cuevas Raposo: Nunca estiveron con ningún redactor da RPT. No que hai acordo é en iniciar a tramitación, non no demais. O goberno non lles pediu opinión, nin se sabe se agora contarán con eles. Non se deben crear expectativas para forzar aos grupos e pide que agora os consulten.

Sr. Fernández Comesaña: O que se vai aprobar é unha simple toma de posición inicial. Na época do PP a RPT pagada quedou nun caixón. Pregunta sobre o límite do prazo para a adopción de acordos cualificados.

Sr. Secretario: Entende que ata a o día do mes de maio no que se cumpran os catro anos do actual mandato corporativo.





Sr. Rodríguez Fernández: Non se abriu ningunha canle formal para que os grupos participasen. O seu grupo non vai subordinar a decisión a condicionantes electorais.

Sr. Valverde Pérez: Unha próxima corporación podería decidir empezar de cero. Desexa que poida aprobarse.

Sr. Alcalde-Presidente: Traballadores, sindicatos e goberno levan traballando moito tempo nisto. Os traballadores saben que hoxe non é o día de aprobalo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.5.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA POSIBLE SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN BAI SEN PULGAS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2019 propón ó Pleno do Concello que tome en consideración a iniciativa referida a aprobación dun convenio coa Asociación Protectora de Animais "Baisenpulgas", co fin de que no seu momento se someta ó Pleno á adopción do acordo que corresponda, previa a modificación orzamentaria correspondente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Diego García Moreira, Concelleiro Delegado: É unha iniciativa da que se consulta ao Pleno. Dálle lectura a unha proposta da Alcaldía. Refírese á problemática que se pretende resolver con esta iniciativa, que se centra na recollida en fins de semana.

D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Non hai borrador de convenio e isto podería ir ao plan de subvencións.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A favor da toma en consideración. Pide que na modificación orzamentaria se inclúa tamén a un colectivo ao que se referiu.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Pidiu na Comisión o convenio coa Deputación. Dito convenio non exclúe a recollida nos fins de semana. Non sabe ata que punto está xustificado adicar máis fondos ao mesmo fin. Antes tamén haberá que cumprir cos acredores. Votará en contra.





D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A toma en consideración ten sentido en certos casos, pero non cabe usala para emitir opinións sobre a oportunidade de asuntos que se descoñecen. O custe non parece xustificado. E moi difícil opinar aquí. Absterase.

Sr. García Moreira: A figura da subvención nominativa ten amparo legal. O servizo actual non cobre máis que situacións excepcionais nos fins de semana.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: É partidario das subvencións a través do plan de subvencións.

Sr. Alcalde-Presidente: Le a proposta da comisión a petición de Nigrán Decide.

Sr. Fernández Comesaña: O convenio coa Deputación non exclúe os fins de semana. Mantén o seu voto en contra.

Sr. Rodríguez Fernández: Ten dúbidas aínda que estaría a favor do convenio.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha necesidade e tamén unha decisión política.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE, PP, e Nigrán Decide.
- Votos en contra: 1; UCN.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.6.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO DE 2017

De conformidade co previsto no art.193.4 da Lei reguladora das facendas locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, que contén a liquidación do orzamento xeral prorrogado de 2017 aprobada pola Alcaldía o 14 de xaneiro de 2019 nos seguintes termos:

Asunto: Liquidación do orzamento xeral prorrogado de 2017 .

Dependencia: Intervención.

Expediente CIVIDAS: 2018004694

Vista a liquidación do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2017, elaborada conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, do 20 abril.

Visto o informe do Interventor Xeral no Concello de Nigrán referido á liquidación citada, do día 10.01.2019, referencia T 2/19.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

De conformidade co establecido no artigo 191.3 do TRLRFL, esta Alcaldía **acorda:**

Aprobar a liquidación do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio 2017, e dar conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre a partir desta data.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Hai un superávit duns 2.000.000 millóns de euros e o remanente de tesourería aproxímase aos 7 millóns de euros. Refírese a outros aspectos da mesma, a ausencia de débeda municipal e ao incumprimento da regra de gasto no exercicio 2017.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Os datos son de hai 13 meses. O remanente é de case 7 millóns de euros. Hai un desequilibrio entre ingresos se gastos, favorable aos primeiros, por falta de infraestrutura para a xestión. No capítulo VI realizouse pouco máis dun 20 por 100 dos investimentos. Os recursos hai que utilizarlos.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Estamos moi fóra de prazo, como pasa coa Conta Xeral, coa penalización que isto supón, que haberá que computar a efectos das responsabilidades correspondentes. Pregunta se se demorou para non traer un plan económico, obrigatorio cando, como aquí, se incumpra a regra de gasto, e tamén se se vai demorar a do 2018, para traspasar máis alá das eleccións as consecuencias dun novo incumprimento da regra de gasto.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non entende que se acumulen remanentes e superávits, e non se xestione eficazmente o gasto.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA (especial referencia ás resolucións n.º 2019000046: delegación de competencia)

II.1.1.- Resolucions. Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucions da Alcaldía ditadas entre o 17 de decembro de 2018 (n.º 2018002202) e o 15 de xaneiro de 2019 (n.º 2019000071), ambos incluídos, entre elas a seguinte do 09-01-2019:

Servizo: Tesourería
Exptes. Nº: 105/17 CARR e 16/18 CARR
Asunto: Delegación de competencia

1º.- Na data 20/01/2017, D^a Carmen Fernández Rodríguez (35864249G) presenta recurso de reposición contra o padrón de contribuíntes da Taxa pola Entrada de Vehículos ó través de beirarrúas, referido ó exercicio 2013, opoñéndose á inclusión no mesmo dunha





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

liquidación referida a unha entrada de vehículos sita na rúa Tomás Mirambell nº 30, por importe de 21 € (recibo nº 2016/42561).

2º.- Dito recurso foi resolto mediante Resolución de Alcaldía de data 23/02/2017, que lle foi notificada á interesada na data 02/03/2017, na que, en síntese, se dispón:

- Desestima-la solicitude de baixa da interesada no citado padrón
- Anular o recibo nº 2016/42561 por importe de 21 € emitido a nome da interesada, así como tódolos actos de xestión recadatoria dictados para o seu cobro,
- Emitir unha nova liquidación da taxa, referida ó exercizo 2013, polas dúas entradas de vehículos a través da beirarrúa existentes no mesmo obxecto tributario (Rúa Tomás Mirambell nº 30), considerando unha lonxitude de 7 metros lineais (3,5 metros por cada entrada), e por un importe de 42 €.

3º.- O artigo 14.2.k) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece:

“ 2.- Contra los actos de aplicación y efectividad de los tributos y restantes ingresos de derecho público de las entidades locales, sólo podrá interponerse el recurso de reposición que a continuación se regula: (...)

k) Extensión de la revisión.- La revisión somete a conocimiento del órgano competente, para su resolución, todas las cuestiones que ofrezca el expediente, hayan sido o no planteadas en el recurso.

Si el órgano estima pertinente examinar y resolver cuestiones no planteadas por los interesados, las expondrá a los que estuvieron personados en el procedimiento y les concederá un plazo de cinco días para formular alegaciones.”

Considerando que na Resolución de data 23/02/2017 examínase e resólvese sobre unha cuestión nova, non plantexada con anterioridade polo Concello nin pola interesada, como é a existencia dunha segunda entrada de vehículos, que dá lugar a unha nova liquidación máis gravosa que a recurrida, e tendo en conta que no procedemento se omitiu o trámite de alegacións a que se refire o mencionado artigo 14.2. k) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podería porse de manifesto a improcedencia de tal liquidación e de toda-las posteriores da mesma taxa referidas ós exercizos 2014 e 2015, polo mesmo obxecto tributario.

O artigo 219 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003 do 17 de decembro), establece:

“1.- La Administración tributaria podrá revocar sus actos en beneficio de los interesados cuando se estime que infringen manifiestamente la ley, cuando circunstancias sobrevenidas que afecten a una situación jurídica particular pongan de manifiesto la improcedencia del acto dictado, o cuando en la tramitación del procedimiento se haya producido indefensión a los interesados.

(.....)

3.- El procedimiento de revocación se iniciará siempre de oficio, y será competente para declararla el órgano que se determine reglamentariamente, que deberá ser distinto del órgano que dictó el acto”

Tendo en conta que non existe neste Concello, disposición regulamentaria algunha que atribúa dita competencia a ningún órgano concreto,





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), RESOLVE:

PRIMEIRO: Outorgar unha delegación específica a prol da Primeira Tenente de Alcalde D^a Raquel Giraldez Armas, da competencia para tramitar e resolver o procedemento de "Revogación" de actos en materia tributaria a que se refire este expediente, que comprende as facultades relativas á instrución do procedemento, emisión do acto administrativo que poña fin á mesmo, e resolución do recurso de reposición que poida interpoñerse, no seu caso.

SEGUNDO: Determinar que a presente delegación produza efecto dende o día seguinte ó da data desta resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

II.1.2.- Comunicacóns. Entre a documentación posta á disposición dos membros da Corporación con ocasión da convocatoria desta sesión, consta a que di:

I.- CUMPRIMENTO DO TRÁMITE DE DAR CONTA AO PLENO EXPEDIENTES: 55 AO 63/2018 AEDL

A Cláusula "Décima: Solicitudes e Documentación" das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Concellos publicadas pola Deputación de Pontevedra no BOP do 29/12/17, e aplicables aos anos 2018 e 2019 no que atinxe á Liña 1 (investimentos) establece que: "As solicitudes aprobarasen mediante mediante acordo do órgano competente do concello, no que se indique expresamente a finalidade concreta, e achegarse este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. Para tal efecto, nun único acordo poderanse aprobar varias solicitudes. No caso de seren aprobadas mediante decreto da Alcaldía, ou acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta desta aprobación ao Pleno da corporación municipal".

Cumprindo dito requisito, indícase que na convocatoria 2019, a solicitude de investimentos da Liña 1 do Plan Concellos, quedou integrada polas seguintes actuacións:

- Acondicionamento da praza pública da Carrasca; resolución aprobada co CSV: D90NXX4GI5YMFB2P (Expediente AEDL 55/2018).
- Pavimentación de diversos camiños na parroquia de Camos; resolución asinada co CSV: ECJHNXYPH0RL1RTN (Expediente AEDL 56/2018).
- Pavimentación de diversos camiños na parroquia de Chandebrito" resolución asinada co CSV: EAHVMH75VV187OQV (Expediente AEDL 57/2018).
- Pavimentación de diversos camiños na parroquia de Nigrán; resolución asinada co CSV: E7G9K1FK9QBWDLN2 (Expediente AEDL 58/2018).
- SPavimentación de diversos camiños na parroquia de Priegue; resolución asinada co CSV: (Expediente AEDL 59/2018).
- Brazo desbrozador articulado extensible; resolución asinada co CSV: DQ8GRSSIVFNREGDV (AEDL 60/2018).
- Pavimentación de diversos camiños na parroquia de Panxón; resolución asinada co CSV: HSL8CE1WDT9EJQ0R (Expediente AEDL 61/2018).
- Pavimentación de diversos camiños na parroquia de San Pedro; resolución asinada co CSV: EPOJPIV792XOUOPR (Expediente AEDL 62/2018).





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Pavimentación da Rúa Vista ó Mar; resolución asinada co CSV: HVJSBTCWRNTO126K (Expediente AEDL 63/2018).

Vistos estes antecedentes, ordéase seguir a tramitación correspondente para dar conta ao Pleno deste expediente, na primeira convocatoria en que a organización municipal o permita.

II.- CUMPRIMENTO DO TRÁMITE DE DAR CONTA AO PLENO EXPEDIENTE: 03/2019 AEDL

A Cláusula “Décima: Solicitudes e Documentación” das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Concellos 2019 - Liñas 2 e 3, da Deputación de Pontevedra, publicadas no BOP do 18/12/18 , establece que: “As solicitudes deberán ser aprobadas mediante acordo do órgano competente do Concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. Para tal efecto, nun único acordo poderanse aprobar varias solicitudes. En caso de seren aprobados mediante decreto de alcaldía ou acordo da xunta de goberno local, daráselle conta de dita aprobación ao pleno da corporación municipal”.

Cumprindo dito requisito, indícase que con data 17/01/19, asinouse a memoria xustificativa na que se acordan os tres equipos para os que se solicitou subvención ao abeiro da Liña 3 das bases referenciadas, presentada por Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra o 17/01/19.

Polo tanto, nesta convocatoria, a solicitude de investimentos da Liña 3 do Plan Concellos, quedou integrada polos seguintes equipos de traballo:

- Equipo forestal: 15 peóns; 7,5 meses; xornada completa; salario segundo SMI (BOE 27/12/18).
- Equipo de obras: 6 oficiais de albanería; 8 meses; xornada completa; salario segundo convenio colectivo da construción (BOP 01/03/17).
- Equipo de conserxería: 3 conserxes de instalacións municipais; 9 meses; 75% da xornada; salario segundo SMI (BOE 27/12/18).

Vistos estes antecedentes, ordéase seguir a tramitación correspondente para dar conta ao Pleno deste expediente, na primeira convocatoria en que a organización municipal o permita.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

1.1. Durante as últimas semanas estivo de actualidade mediática, porque houbo unha especie de controversia entre o goberno e un partido político sobre una obra que enlaza con Porto do Molle, a rúa Ponte Muiña, sobre un tema de subvencións. Recibiuse esa obra?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Valverde Pérez: Cal é o motivo polo que non se recibiu?

Sr. Alcalde-Presidente: Foron a recibila os técnicos e hai unhas deficiencias que hai que corrixir.





Sr. Valverde Pérez: Ten algo que ver o muro que hai nesa rúa?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Valverde Pérez: Ese muro está contemplado dentro do proxecto?

D. Rubén Rial Sánchez, Concelleiro Delegado: Non.

Sr. Valverde Pérez: Ese muro se quere pagar polo Concello de Nigrán?

Sr. Rial Sánchez: Non o fixo esa empresa, foi outra empresa distinta.

Sr. Valverde Pérez: Queremos que se nos pase o expediente para estar ao corrente desa actuación.

1.2. Cal é o trámite neste Concello cando se recibe unha carta que vai dirixida a un particular que non ten que ver co goberno nin vai dirixida ao Concello de Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: Se lle enviará ao particular.

Sr. Valverde Pérez: Se abre esa carta?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu non abro cartas que non veñen ao meu nome.

Sr. Valverde Pérez: Pasoume a min, unha carta que recibía ao meu nome, que a min se me entrega nun sobre que non é o da súa orixe, unha carta que ven aberta, porque o seu contido ven rexistrado, polo tanto se leu. Remítenma a min. O que quero denunciar, porque tomarei as medidas que considere, porque considero que hai unha falta ou delito grave, porque estase abrindo correspondencia que ven a nome dun particular, neste caso eu, e que o Concello sen ruborizarse abre a carta e sela a carta. Posteriormente un conserxe ponse en contacto comigo para dicirme que ten unha carta que entregarme, e curiosamente entregáseme por debaixo dunha porta dun establecemento dun familiar. Nin sequera se entrega en man a alguén. Se revisa o rexistro dos documentos de entrada dun día ao día seguinte e se por casualidade mira que hai unha carta que se remite a un particular, que lle poida chamar a atención. Paréceme importante porque son eu e cónstame que non é a primeira vez e me parece algo sumamente grave. Teña coñecemento diso.

2.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

2.1. ¿Se pagaron de forma definitiva las obras de reforma del pabellón?

D^a. Raquel Giráldez Armas, Concelleira Delegada: Non.

Sr. García Pazos: Creo que va por el año y medio desde que la obra tenía que estar finalizada, entregada y rematada, sin que se haya pagado. Amén de que no esté la documentación completa, ¿va a haber problemas para poder disponer este año de la





cuantía originaria y reservada para ese pago? En el presupuesto prorrogado ya no figura la cuantía.

Sra. Giráldez Armas: No corresponde prorrogarlo. Habrá que hacer un reconocimiento de crédito para el pago.

3.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

3.1. Respecto á casa da rúa Francisca Lago, cuxas condicións de salubridade están afectando á veciñanza da zona, que medidas tomou o seu goberno para eliminar esta situación?

Sr. Alcalde-Presidente: O expediente está en mans da Garda Civil.

3.2. Houbo varias ocasións, nesta parece que recibiu as preguntas que lle formulei por escrito, pero houbo outras nas que non as recibiu. Pasou en novembro, volveu a pasar en decembro. Cales son as canles de comunicación existentes no Concello de Nigrán para os escritos dirixidos a vostede debidamente rexistrados?

Sr. Alcalde-Presidente: A canle que utilizou é correcta porque xa as teño aquí.

3.3. En base a que informe ou alegación ou informe decidiuse a substitución do SUD 11 Porto do Molle existente no plan aprobado inicialmente polo SUD 11 Porto do Molle existente no documento do PXOM enviado para ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio?

Sr. Alcalde-Presidente: Informes técnicos ou decisións técnicas.

Sr. Cuevas Raposo: En base a ningún informe nin alegación.

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

3.4. Solicitei o 13 de decembro diversa información relativa á rede wifi gratuita de Nigrán. Pasados os cinco días, mes e medio, non se me facilitou a información. Por que non se me facilita esa información?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu información que me chega remítoa aos departamentos. Os departamentos saben que non só a remito, senón que asino coa hora e día. A partir de aí pode ir ao departamento a solicitala. Eu non estou seguindo os expedientes un a un.

3.5. Tamén solicitei o 17 de xaneiro a copia completa do expediente de responsabilidade patrimonial derivado da sanción imposta pola Consellería de Sanidade. Por que non se me facilitou?

Sr. Alcalde-Presidente: Asinado polo Alcalde no día que me chega. Estará no departamento correspondente.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3.6. Como cidadán, solicitei o 3 de xaneiro todos os meus datos persoais que captou a rede wifi gratuíta de Nigrán. O prazo é dun mes, o 4 de febreiro se non se me facilitan vou presentar unha denuncia na Axencia de Protección de datos.

3.7. Quen organiza Vive Nigrán 2019?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda se está traballando nese tema.

3.8. Cantas persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galiza hai en Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: 35.

3.9. Aprobeuse a modificación das Normas Subsidiarias: Que día foi enviado ao órgano competente en materia de urbanismo ao fin de que por este se realicen os trámites previstos no artigo 60.7 da Lei do Solo de Galicia?

Sr. Alcalde-Presidente: Foi asinado pola Alcaldía o 16 de outubro de 2018 e enviado o 17 de outubro do 2018.

3.10. Recibiuse algún informe sectorial da modificación das normas subsidiarias?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, da Deputación de Pontevedra, de Telecomunicacións e de Portos de Galicia.

3.11. Sobre a mellora de accesos a Porto do Molle, saíu unha nova na prensa na que se indicaba que ía presentar un contencioso administrativo contra a Xunta de Galiza, que ía pedir o apoio da Corporación. Presentou o recurso ante o Xulgado Contencioso Administrativo?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non.

Sr. Cuevas Raposo: Pensa pedir o apoio?

Sr. Alcalde-Presidente: Vamos esperar a ver que recurso presentamos e a partir de aí se o consideramos necesario, si.

3.12. O 26 de decembro publicouse no DOG unha orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para as bibliotecas. Solicitou o Concello de Nigrán esa subvención?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

Sr. Cuevas Raposo: Quen asinou o anexo onde se di que se presentou a Conta Xeral?

Sr. Alcalde-Presidente: Imaxino que non se remitiría ese anexo, porque non se presentou a Conta Xeral.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3.13. O luns 31 de decembro saíu convocada a subvención para a creación e mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Solicitou o Concello esta subvención?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

3.14. Subvención para a contratación de persoas en risco de exclusión social. Saíu publicado o 9 de xaneiro. Pensa solicitar o Concello de Nigrán esta subvención?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

3.15. Subvencións para proxectos relacionados co Xacobeo. Saíu publicado o 14 de xaneiro. Pensa solicitar a subvención?

Sr. Alcalde-Presidente: Estase valorando.

3.16. Subvencións para infraestruturas. Saíu publicado o 23 de xaneiro. Pensa o Concello de Nigrán solicitar esta subvención?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos valorando se hai algún proxecto que consideremos adecuado.

Sr. Cuevas Raposo: O prazo remata o 25 de febreiro. Como pensa xustificar ese día que a Conta Xeral foi remitida ao Consello de Contas?

Sr. Alcalde-Presidente: Chegaremos ao 25 de febreiro a ver que pasa.

3.17. En que data se asinou a cesión do contrato do PXOM?

Sr. Alcalde-Presidente: A cesión non é co Concello, é cesión entre dúas empresas. Asinouse o 3 de xullo de 2018 en Madrid ante notario.

3.18. O 17 de outubro remitiuse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o PXOM. O artigo 60 da Lei do Solo sobre o procedemento para a aprobación do Plan xeral de ordenación municipal indica, no seu punto 7, que os informes sectoriais e autonómicos preceptivos terán que emitirse no prazo de 3 meses, transcorrido o cal entenderase emitidos con carácter favorable. O 4 de decembro de 2018 recibíuse un escrito da Dirección Xeral de Patrimonio no que unicamente se remite un listado de bens para o seu envío ao equipo redactor. Recibíuse no Concello de Nigrán algún outro escrito ou informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

3.19. Enviouse o PXOM a Augas De Galicia para ser informado?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

3.20. Enviouse o PXOM a Portos de Galicia para ser informado?





Sr. Alcalde-Presidente: Non.

3.21. Enviouse o PXOM á Axencia Galega de Infraestruturas para ser informado?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

3.22. Enviouse o PXOM ao Servizo Provincial de Costas para ser informado?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

3.23. Segundo a documentación facilitada nesta convocatoria, a solicitude da Liña 3 do Plan Concellos quedou integrada polos seguintes equipos: Equipo forestal 15 peóns, 7,5 meses, xornada completa, salario segundo o SMI. Equipo de obras 6 oficiais de albanería, 8 meses, xornada completa, salario segundo convenio colectivo da construción. Equipo de conserxería 3 conserxes de instalacións municipais, 9 meses, 75% da xornada, salario SMI. Por que non se lle aplica algún convenio aos conserxes e aos peóns forestais?

Sr. Alcalde-Presidente: Porque temos un goberno en Madrid que fai un salario mínimo tan alto que supera os do convenio, polo tanto buscamos o mellor para os traballadores. O salario mínimo era unha cantidade maior que a do convenio, polo tanto naqueles casos nos que era máis favorable ao traballador aplicouse o salario mínimo, naquel onde era menos favorable porque o convenio era máis alto déuselle o do convenio.

Sr. Cuevas Raposo: No ano 2018 era tamén máis favorable o salario mínimo interprofesional que o convenio?

Sr. Alcalde-Presidente: No ano 2018 imaxino que non; aínda non chegara o PSOE ao goberno.

Sr. Cuevas Raposo: Por que non se lle aplicou o convenio o ano pasado? Por que se elixiu aplicar o salario mínimo interprofesional, que aínda non chegara o PSOE ao goberno era bastante máis baixo que o convenio colectivo?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos falando do 2019, o que se fixo no 2018 xa está feito fai moito tempo.

Sr. Cuevas Raposo: No 2018, vostede que ten unha vontade de as mellores condicións para os traballadores, aplicou o salario mínimo interprofesional que era inferior ao convenio. Non tiña esa vontade polos traballadores o ano pasado?

Sr. Alcalde-Presidente: Si tiña vontade, pero todos temos capacidade de mellorar as accións que facemos. Nós estamos convencidos de que facemos moitas cousas mal, outras mellor, outras regular, agora estamos mellorando o que fixemos no ano 2018.

Sr. Cuevas Raposo: O ano pasado a estes conserxes aplicóuselles o salario mínimo, pero aos conserxes que se contrataron a través do Risga aplicóuselles o convenio colectivo de oficinas e despachos, superior ao salario mínimo interprofesional que había o ano pasado. Por que a uns conserxes se lle aplica o convenio e a outros o





salario mínimo interprofesional? Hai conserxes dunha categoría, outra categoría e doutra categoría. Todos fan o mesmo traballo, pero a uns págaselle máis e a outros menos.

Sr. Alcalde-Presidente: Neste ano van estar todos con mellor salario. O ano pasado se sabe quen son as persoas perceptoras de RISGA, sabe que son unhas persoas que teñen unhas necesidades probablemente maiores que as súas e que as miñas e cando chegou ese momento tomamos a decisión de pagarlle máis porque as súas necesidades son moi superiores ás dos demais. Preferimos aportar máis para aqueles que máis o necesitan.

Sr. Cuevas Raposo: O programa electoral do PSOE di que a igual traballo igual salario. Vostede naquel momento acusoume de ser Trump por pedir que os traballadores cobraran por convenio. Parece que agora vostede estase volvendo un pouco Trump.

4.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

4.1. Pide que se repoña un punto de luz existente en Lugar do Monte, nunha fonte que leva tempo que non funciona.

4.2. O recinto do colexio de Nigrán, na parte traseira, ven sendo utilizado polas noites por grupos de rapaces que aproveitan a falta de alumeado e incluso non só a fin de semana, senón durante a semana. Pide que se vixie pola Policía Local a forma en que acceden e que se ilumine o recinto para evitar esa situación.

4.3. Vostede dixo que ía demandar á Xunta pola subvención do acceso a Porto do Molle. Foi recibida a obra?

Sr. Alcalde-Presidente: Ten algúns problemas que teñen que solucionar.

4.4. Asinouse o convenio con SEAGA para a limpeza de fincas? En caso contrario, que razóns hai que o impidan?

D. Diego García Moreira, Concelleiro Delegado: O problema que temos agora mesmo son os trámites que nos están mandando desde o propio SEAGA. Nós cumprimos en prazo, pero agora o que nos chegou foi unha carta na que nos comentan que hai un comité avaliando o nivel de risco dos diferentes concellos que manifestaron interese nese convenio e en base a o que saia desa avaliación volveranse a por en contacto con cada un dos concellos para asinar o convenio.

4.5. Parece ser que como consecuencia da retirada de árbores en Camos houbo que retirar na zona de Piñeiros un tramo de alumeado público. Cando pensa facerse a reposición dese alumeado? A canto ascende e quen pagará os gastos?

Sr. Rial Sánchez: Queda un pequeno tramo duns 50 ou 100 metros de árbores que aínda poderían caer. Os danos foron algún cable que se tronzou e tomouse a decisión de desmontar a liña para que puidesen tirar as árbores. Probablemente





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

vaise tomar a decisión de montalo provisionalmente, porque estábese esperando a Unión Fenosa.

4.6. Vostede deu conta duns escritos do Plan Concellos. Por que non se buscou o consenso cos grupos da Oposición para formular obras á Deputación tal e como habiamos acordado e como xa se fixo no 2018?

Sr. Alcalde-Presidente: Pola prema urxente da Deputación de telo antes de novembro de 2018.

Sr. Fernández Comesaña: Me gustaría haber tido a oportunidade de poder avaliar as obras elixidas.

4.7. Están finalizadas e recibidas as obras do Plan Concellos da rúa Caranquexo en Prado?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Fernández Comesaña: Parece que están sen rematar.

Sr. Alcalde-Presidente: Está pendente de recibir.

5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do BNG:

5.1. En resolucións da Alcaldía fai especial referencia á resolución 46 do 2019, que é unha delegación de competencias. Hai unha anterior practicamente idéntica do 4 de decembro que tamén é o mesmo, unha delegación de competencias para tramitar e resolver un expediente de revogación de actos en materia tributaria, neste caso se refire ao expediente 325/2015 Tesourería. Quería saber cal é este expediente?

Sra. Giráldez Armas: Es un expediente bastante antiguo en el que se le practicó una liquidación por una transferencia, por una plusvalía, que pasado el tiempo se demostró que existía una peculiaridad en la normativa que decía que si una de las personas titulares de la propiedad había fallecido no debía aplicársele dicha liquidación. Se comprobó y se retrocedió el acto.

5.2. Dentro das comunicacións da Alcaldía comunican as contratacións que van facer con cargo ao Plan Concellos, liña 1 e liña 3. As bases do Plan Concellos foron publicadas o 18 de decembro. O persoal que se contrata ten que obrigatoriamente desenvolver o seu contrato dentro do exercicio ou pode prolongarse no exercicio seguinte?

Sr. Alcalde-Presidente: Dentro do exercicio.

Sr. Rodríguez Fernández: No caso dos conserxes dos colexios xera un problema, que en decembro rematan o seu contrato e retómase o curso despois do nadal e eses colexios non teñen conserxe. O colexio de Vilariño decidiu pechar as portas, porque non teñen quen controle as entradas ou saídas. Cando se prevé que se faga a contratación efectiva deste persoal?





Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non nos chegou a resolución da Deputación, co cal aínda non podemos iniciar o trámite. Estamos buscando unha solución intermedia que nomear persoal en acumulación de tarefas.

5.3. Está a técnica de normalización lingüística desenvolvendo o seu traballo?

Sr. Alcalde-Presidente: Está de baixa por maternidade.

Sr. Rodríguez Fernández: Dende cando está de baixa?

Sr. Alcalde-Presidente: Case dende que chegou.

Sr. García Moreira: A efectos de substitución non podemos antes de que xere a parte presupostaria, que iso é cando dea a luz. Deu a luz o 21 ou 23 de decembro. Xa podemos continuar cos trámites.

5.4. Unha das cousas nas que podería axudar a técnica de normalización lingüística é que na páxina do Concello na súa versión en castelán atopámonos con gran cantidade de topónimos deturpados. Así se facemos o camiño portugués pola costa, pasaremos polo "Pazo de Cena". A ruta "del río Molinos" decorre por "Puerto del Moje". Isto é consecuencia de traducir algo que non se debería traducir, que son os topónimos. Prego que coa técnica de normalización lingüística ou sen ela, que o responsable da páxina revise e corrixa a páxina.

5.5. Na rúa Areosa hai unha serie de árbores, con ese topónimo podemos supor como é o subsolo aí. Por ese subsolo que debe haber, algunha das árbores que están plantadas aí está practicamente na aire, inclinado, porque se sumiu a terra que hai debaixo. Rogo que fagan un aporte de terra antes de que caia definitivamente.

5.6. Dentro dos contratos menores adjudicados no cuarto trimestre adjudicouse a renovación de luminarias na estrada PO-552, rúa de Rosalía de Castro e rúa Manuel Lemos por un importe de 39.500 € e se invitaron a dúas empresas. É un contrato menor pero non é un contrato cativo, por que só se convidou a dúas empresas?

Sr. Rial Sánchez: Porque de tres empresas que dan confianza nese tipo de traballos unha delas xa fixera nos 12 meses anteriores un contrato e non se podía presentar a outro contrato menor, entón ofrecéuselle ás dúas restantes que no contrato anterior non resultaran adjudicatarias.

Sr. Rodríguez Fernández: Estamos falando de contratos de 40.000 € que son menores legalmente falando, pero non me parecen contratos para dicirlle a dúas empresas que presenten oferta.

5.7. O Alcalde deu licenza de primeira ocupación a Combustibles del Noroeste S.A. cunha solicitude de licenza de primeira ocupación parcial. Eu quería saber por que se lle solicitou, e concedéuselle, unha licenza de ocupación parcial.

Sr. Alcalde-Presidente: Seguramente porque os informes técnicos así o indicarían.





Sr. García Moreira: Cando se intenta darlle o visto prace á licenza se comproba que hai unhas deficiencias nunha construción anexa, xurde a disxuntiva de se é viable denegar por completo ou se existe a posibilidade desta licenza de primeira ocupación parcial. Analízase xuridicamente e se opta porque xuridicamente o máis viable e menos lesivo para a persoa que pide a primeira ocupación é dala desta maneira.

Sr. Rodríguez Fernández: Os informes non din que unha licenza de primeira ocupación sexa parcial ou total, o informe o que di é que non procede unha licenza de primeira ocupación e, o solicitante, en vista a eses informes, solicita unha licenza de primeira ocupación parcial. Eu non dubido, o que parece é que hai xente á que lle gusta reiterarse nas ilegalidades, porque este señor era o da gasoleira de Vincios e que lle custa axustarse ás licenzas que se lle conceden.

5.8. Dentro de todas as convocatorias das que preguntou Cuevas, eu teño outra diferente que a min me interesa especialmente. A Deputación de Pontevedra sacou unha convocatoria de subvencións dirixida aos Concellos destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais. Sacouna durante o exercicio 2018. Acudiuse a esta convocatoria?

Sr. Alcalde-Presidente: Acudiuse co proxecto que aprobáranos o ano pasado. O ano pasado aprobárase a realización do proxecto. Este ano solicitouse a primeira fase do parque forestal Os Matos-Río Táboas.

Sr. Rodríguez Fernández: Solicitouse algunha redacción dalgún novo parque forestal?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Rodríguez Fernández: Lamento que sexa un incumprimento máis dos acordos aos que chegaran con este grupo político.

7.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

Con respecto ao da gasoleira de Porto do Molle, creo recordar que a licenza non abarcaba só a estación de servizo, zona de repostos e cafetería e creo que restaurante tamén. A parte de arriba había indicios que podía ser outra cousa, non sei se aparthotel ou algo distinto, por iso é a que quedou mentres non se aclare o destino. De feito a estación de servizo non está funcionando.

Sr. Alcalde-Presidente: Está pendente dun informe de vertidos da Xunta de Galicia.

8.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

Quedoume claro que vostede agora busca a mellor situación para os traballadores, salario mínimo ou convenio. Salario mínimo 12.600 € anuais. Por que non se lle aplica a cláusula 31 dos orzamentos, que di que en ningún caso o persoal laboral do Concello con xornada completa terá unhas retribucións inferiores a 13.863 €?. Falamos de 1.200 € anuais de diferenza, 100 € mensuais de media. Por que non se lle aplica esta cláusula dos





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

orzamentos? Cláusula que o noso grupo presentou como emenda aos orzamentos e vostede presentou unha contra emenda que dicía que non no 2018, senón a partir da entrada en vigor do orzamento xeral.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se buscou foi o mellor para os traballadores, o mellor se considerou que era iso.

Sr. Cuevas Raposo: O mellor se considerou para os traballadores que cobren 1.200 € menos do que pon a cláusula que pon o orzamento?

Sr. Alcalde-Presidente: Teño que revisalo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

